

A IA XENERATIVA NO ENSINO DE LINGUAS



IA xenerativa de texto: Explorando "prompts" para o profesorado

 TABOO

Actúa como un profesor de inglés. Deseña 12 tarxetas para xogar ao "taboo" co teu alumnado de nivel C1 que acaba de facer un exercicio de comprensión oral sobre o colexio "Eton", no Reino Unido. Cada tarxeta debe incluír catro palabras prohibidas e unha palabra clave que o teu alumnado debe definir.

 ROLE-PAY

Actúa como un profesor de inglés. Deseña unha actividade de "Role-play" para o teu alumnado de nivel C1. Crea cinco tarxetas con cinco personaxes que teñen actitudes diferentes ante o papel da educación formal na idade adulta.

 ARGUMENTOS A FAVOR E EN CONTRA

Actúa como un experto en *marketing*. Realiza unha análise de cinco vantaxes e cinco desvantaxes da obsolescencia programada para un artigo dunha revista de economía. Emprega linguaxe formal e un máximo de 200 palabras.

 XOGO DE MESA

Actúa como un profesor de inglés de nivel C1. Deseña un xogo de mesa para practicar frases idiomáticas relacionadas coa comida en inglés. O xogo de mesa debe engadir cartas para a interacción do alumnado. O obxectivo é que o alumnado practique as expresións.

 RETROALIMENTACIÓN ESPECÍFICA

Es un profesor de nivel C1 de español que pediches aos estudantes que escribisen un *haiku* seguindo estas instrucións: "Escribe dúas liñas sobre algo fermoso na natureza. Pensa nunha fermosa posta de sol, unha bolboreta estendendo as súas ás, un cereixo en flor, etc. Agora pensa en algo sorprendente para a terceira liña, algo completamente diferente das liñas anteriores. Reflexiona sobre a combinación das dúas primeiras liñas e a liña sorprendente. É realmente unha boa sorpresa? Combinan ben? Ten sentido para ti? Finalmente, volve escribir as liñas intentando adherirte ao patrón de sílabas 5-7-5 (permítese certa flexibilidade aquí) tratando de incorporar calquera idea nova que se che ocorra". Aquí tes o *haiku* ao que lle debes dar retroalimentación en aproximadamente 60 palabras: "Explosión de glicinias, chorros de lila y cielo azul, y la oscuridad se retira".

 RÚBRICAS

Actúa como un profesor de inglés. Deseña unha rúbrica para avaliar o desempeño do teu alumnado ao presentaren unha gráfica oralmente na clase. A rúbrica debe conter catro indicadores de logro e tres niveis de competencia para que o alumnado coñeza os obxectivos da actividade. Faino en formato táboa.

 CORREOS ELECTRÓNICOS

Actúa como un profesor de inglés. Escribe unha mensaxe electrónica aos pais ou titores legais dun alumno do teu curso de 2º da ESO porque queres ter unha tutoría con eles a vindeira semana na escola para falar do rendemento do seu fillo. Emprega unha linguaxe formal correcta.

IA xenerativa de texto: Explorando “prompts” para o alumnado



COMPARA O REXISTRO:

Paso 1: Actúa como un alumno de inglés. Escribe un correo formal a unha sucursal bancaria solicitando unha hipoteca para un pequeno piso no centro de Vigo. Emprega un rexistro formal e aproximadamente 220 palabras.

Paso 2: Reescribe o mesmo correo cun estilo informal no mesmo número de palabras.



TITOR PERSOAL: CHATGPT AO SERVIZO DO ALUMNADO

Actúa como o meu titor persoal de inglés. Son un alumno de nivel B1. Eu comentarei o que preciso estudar e revisar e ti crearás actividades variadas para a miña práctica. Dáme retroalimentación ás miñas respostas aos exercicios que suxiras.



DIÁLOGO SOCRÁTICO

Actúa como un experto en filosofía. Discutamos sobre o impacto do emprego da IA no medio ambiente. Faime preguntas para axudarme a afondar neste tema e proporcióname información suficiente para manter un diálogo de tipo socrático. Sexamos curiosos e faime unha pregunta en cada quenda. Agarda á miña resposta para facerme a seguinte pregunta.



PRONUNCIA: VOICE CONTROL FOR CHATGPT

1. Son un estudante de inglés de nivel C1. Vou ler un texto en voz alta. Actúa como un experto en lingüística e fonoloxía e analiza a miña pronuncia segundo leo. Comenta posibles erros e áreas de mellora. Destaca as miñas fortalezas como falante non nativo de inglés.
2. Conversa nun restaurante para pedir un menú, nun hospital para unha revisión médica, realiza unha proba de expresión oral de inglés, conversa co teu/túa cantante favorito, cunha personaxe histórica, etc.



LECTURA INTERACTIVA

Durante esta conversa debes actuar como un narrador dunha historia que está a ter lugar nun mundo dominado polos robots. Eu son o protagonista e a historia ten lugar na nave da película "Interestelar". Deberás incluír diversas personaxes: un cociñeiro robot que intenta envelenarme, unha moza-robot que sabe reparar a nave cando ten algunha avaría e algún compañeiro humano que tamén está comigo. Sempre responderás ás miñas intervencións como algunhas destas personaxes. A narración debe ter un estilo futurista, coma se foses Isaac Asimov. Comeza co despegue da nave.